

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Aprobación da oferta de emprego público do Concello da Coruña para o ano 2021

Servizo de Recursos Humanos

ANUNCIO

En sesión celebrada o día 01 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno Local adoptou, o seguinte acordo:

Aprobar a Oferta de Emprego Público do Excmo. Concello da Coruña para o ano 2021, que cumpre a taxa de reposición establecida no art. 19.Un da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, e que contén as seguintes prazas:

Persoal funcionario						
Quenda libre						
Grupo	Descrición praza	Núm.	Escala	Subescala	Clase	Observacións
A1	Arquitecto/a Sup.	2	AE	Técnica	Téc. Superior	
A1	Téc. Admon. Xeral	7	AX	Técnica		1 praza quenda diversidade funcional
A1	Téc. Deportes	1	AE	Técnica	Téc. Superior	
A1	Téc. Planificación	1	AE	Técnica	Téc. Superior	
A1	Téc. Superior en Economía	2	AE	Técnica	Téc. Superior	
A2	Enx. Téc. Industrial	1	AE	Técnica	Téc. Medios/as	
A2	Arquitecto/a Técnico	2	AE	Técnica	Téc. Medios/as	
A2	Téc. Med. Xestión	6	AX	Xestión		1 praza quenda diversidade funcional
A2	Traballador/a Social	2	AE	Técnica	Téc. Medios/as	
A2	Téc. Med. Relacións Lab.	2	AE	Técnica	Téc. Medios/as	
A2	Enx. Téc. Obras Públicas	1	AE	Técnica	Téc. Medios/as	
C1	Administrativo/a	5	AX	Administrativa		1 praza quenda diversidade funcional
C1	Bombeiro/a	1	AE	Serv. Especiais	Extinc.Incendios	
C1	Policía	4	AE	Serv. Especiais	Policía Local	2 prazas por quenda mobilidade
AP	Axudante cemiterios	2	AE	Serv. Especiais	Pers. oficios	1 praza en execución de sentenza
AP	Socorrista	1	AE	Serv. Especiais	Pers. oficios	
Total prazas		40				

Persoal funcionario						
Quenda Promoción interna						
Grupo	Descrición praza	Núm.	Escala	Subescala	Clase	
A2	Inspector/a Principal	2	AE	Serv. Especiais	Policía Local	
A2	Suboficial S.E.I.S.	1	AE	Serv. Especiais	Extinc. Incendios	
A1	Intendente	1	AE	Serv. Especiais	Policía Local	
A2	Inspector/a	1	AE	Serv. Especiais	Policía Local	
A1	Téc. Admón. Xeral	3	AX	Técnica		
A2	Téc. Medio Xestión	3	AX	Xestión		
C1	Administrativo/a	1	AX	Administrativa		
C1	Oficial PL	1	AE	Serv. Especiais	Policía Local	
Total prazas		13				

RECURSOS: O que se notifica para o seu debido coñecemento e efectos oportunos, significando que este acordo é definitivo en vía administrativa e contra o mesmo cabe interpoñer polos interesados os seguintes recursos:

1.- Con carácter potestativo, recurso de reposición perante o propio órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio (artigo 124 da lei 39/2015 da lei do procedemento administrativo común das administracións públicas).

2.- Recurso contencioso-administrativo, nos xulgados do contencioso-administrativo da Coruña (artigos 8 e 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio. En caso de interpoñerse recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será igualmente de dous meses a contar desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se for expresa, ou desde a súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de seis meses non se resolve o recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que interpoña calquera outro que estime procedente.

A Coruña, 02 de setembro de 2021

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D. (03/07/2019)

O Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Angel Jove Losada

2021/6631